

## Memoria de Fiz. Palabras para unha homenaxe

**Cipriano Luís Jiménez Casas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

JIMÉNEZ CASAS, CIPRIANO LUÍS (2011 [2011]). “Memoria de Fiz. Palabras para unha homenaxe”. *Faro de Vigo*. “Faro da Cultura”: 22 de setembro, 4. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1225>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

JIMÉNEZ CASAS, CIPRIANO LUÍS (2011). “Memoria de Fiz. Palabras para unha homenaxe”. *Faro de Vigo*. “Faro da Cultura”: 22 de setembro, 4.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A Asociación Cultural Ergueitos de Sarria vén impulsar, un ano máis, "O roteiro de Fiz Vergara Vilariño": trátase dunha homenaxe arreo a un poeta (Fiz Vergara Vilariño (1952-1997) que representa certamente a metáfora do... labrego amargado pola inxustiza que atacaba a súa xente, aos humildes." Un loitador, xa que logo, que non cansou, ata que morreu, de esixir un mundo mellor e máis solidario.

Xustamente un día antes do falecemento de Fiz, Lois Celeiro entrevistouno: o resultado desa conversa aparece no volume *Fiz Vergara: Literatura e discapacidade*, (Maremagnum, 2005), e reflicte, daquela, o que foi a vida e obra dun poeta que tivo que aturar unha discapacidade -invalicante e mortal de necesidade- á que foi quen de se enfrontar cunha coraxe e máis cunha forza suficientes para lle permitir desenvolver unha obra lírica intensa, tal e como queda plasmada en títulos como *Pra vós* (Celta, 1971), *Enccontro cos tiburós* (Xistral, 1973), *Orfo de ti en terra adentro* (Akal, 1976), *Poeta muineiro á deriva* (Xerais, 1982), *Nos eidos da bremanza* (Galaxia, 1990), *Pastora de sorrisos* (Sons Galicia, 1993) e *Animal sen fel* (Espiral Maior, 1998), ao tempo que tamén participou en volumes colectivos como *Cravo Fondo* (Follas Novas, 1977) ou *Os novísimos da poesía galega* (Akal, 1973). O primeiro deles, Cravo Fondo, ilustrado na súa portada cun debuxo de Sucasas, reproduce o manifesto do grupo do mesmo nome (Ramiro Fonte, Xesús Rábade, Xavier R. Barrio, Xulio L. Valcarcel, Xesús M. L. Valcarcel, Helena V. Janeiro e o propio Fiz Vergara), que se resume na frase: "Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo verba nova pra unha terra ceibe". Neste volumen, Fiz publica o poema: "Muller de ser e soño i espiga..." "Ai, muller de ser e soño/i espiga granada nas centeeiras!... Endexamais podo verte real/e verdadeira/fora dos



Cartel anunciador do roteiro.

Non cansou de esixir un mundo mellor e máis solidario

canles precisos de todos os soños". Poemas soltos, teatro, contos e relatos, ensaio e artigos seus frondados aínda no xornal *El Progreso* de Lugo.

En 1961, Fiz sufriu unha caída aparatosa no corredor da súa casa de Santalla, e da que foi operado en Barcelona. Mais a este problema xuntáse logo unha "distonía muscular", que o foi tollendo de forma progresiva, orixinándolle unha discapacidade crónica e irreversible ata a súa morte, acontecida en 1997.

O poeta de Santalla ou de Lóuzara, rebelábase

con forza, a pesar dese hándicap: "Eu quero ser ceibe -anunciaba-, pero estou atado de pés e mans ao compromiso por ver que son ceibes os meus, que sodes todos, pero de modo máis especial o grupo dos meus integrantes os que están máis presos pola inxustiza do capitalismo dexenerado, malvado; os que -increblemente- aínda coñecen por experiencia o que é a fame". Fiz sentiuse ao longo da súa vida: "cun corpo doente, retorcido, escarallado literalmente, cansado de mirar os biosbardos, de non facer case nada do que lle houbera gustado facer".

Na entrevista de Celeiro, o poeta díciulle a este que se a conversa saía ben, tiñan que facer unha festa e invitar a todos os amigos para mostrarlles Santalla e explicarlles o que quere dicir *xabreira* ("sombriza", "sombria", adxectivo unido ao topónimo de Lóuzara). Igualmente deberían ver o muíño e máis a fonte da cova e que Mero e Mini cantasen o seu poema: "Rapazas vside ó muíño/rapazas

vide muñar/que eu son poeta muineiro/e heivos facer un cantar".

Á pregunta de se cría en Deus, respondía con sorna: "En Deus e mais no Demo, naturalmente. Eu creo na vida, e na morte que só é a outra cara, e que tampouco me dá un medo especial. Daquela, amo a vida como posibilidade de facer esquecer o tempo que nos queda ata perdela do xeito menos ruín posible...o de andaren en rezos e liturxias, éche cousa dos que teñen moito que perder...dos trapaleiros e daqueles de mala conciencia".

Mancado pola dor e pola inxustiza, "o solitario de Lóuzara", tal como o definía Dario Xohán Cabana, coidaba que ser escritor supoñía que os autores debían asumir unha férrea disciplina á marxe dos abaneos da fama. O talento -díciase- non é repentino, máis ben se consegue tras longos anos de constancia no traballo.



O val de Lóuzara: paisaxe arreo na poesía de Fiz Vergara Vilariño.

# Memoria de Fiz

## Palabras para unha homenaxe

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

Como homenaxe ao poeta de *Nos eidos da bremanza* -e tal como xa anotamos- a Asociación Cultural Ergueitos de Sarria impulsa *O roteiro de Fiz Vergara Vilariño*. Trece creadores asumiron o compromiso de interpretar plasticamente un poema do autor, intensamente e fortemente ligado a unha terra "...louzariña e xabreira, polo baixar amodiño deste río Lóuzara, que remata sendo Lor, Sil, Miño e mar, por fin - en palabras do propio autor-".

Eduardo Valiñas, Paco Pestana, Otero Yglesias, Mónica Alonso, Viólata Bernardo, Bucínos, Álvaro de la Vega, Manuel Caamaño, Caxigreiro, Fernando Yañez, Miguel A.

Macías, Pazo Poy e Primitivo Lareu foron quen de desafiar unha paisaxe a carón do río Lóuzara, sempre vixiada polas serras do Courel e do Incio. Trátase, pois, dun museo ao aire libre, que é obrigado visitar.

## O roteiro

"Todo o que é dozura e cores amareladas no Incio -díciase Anxel Fole- é friaxe sombriza en Lóuzara".

O silencio, a humidade, distancia, despoamento e máis a auga xélda e transparente do Lóuzara, que camiña paseniño. Un río que

-como relataban os indios canadiños, do San Lorenzo- vén ser "un camiño que marcha".

Cada unha das pezas presentes no roteiro ten a misión de interpretar a obra dun poeta sufrinte "... que viviu preso dunha distonía muscular, dunha enfermidade que o fixo sufrir tanto como o facía sufrir a inxustiza".

Madansúa peza fai referencia, polo tanto, a un poema de Fiz. Non era fácil o proxecto dos responsables de Ergueitos, para levalo adiante no Val de Lóuzara: alí onde a brétema de tristura e desespero...angustia desesperada (bremanza), foi tan cantada polo poeta da xabreira.